

Conta satélite da cultura de Galicia

Revisión estatística 2019

Último ano incluído: 2021

22/12/2023

ÍNDICE

Introdución	1
As magnitudes da cultura na economía galega	2
Conta de produción e emprego por sectores	3
Conta de produción e emprego por fases	4
Definicións, fontes e máis información	6

Introdución

A [Conta Satélite da Cultura](#) é unha operación do Sistema de Contas Económicas de Galicia. O seu obxectivo principal é proporcionar un sistema de medición económica do sector cultural, que permita valorar a súa importancia no conxunto da economía galega, así como amosar a contribución das diferentes actividades culturais á estrutura produtiva do sector.

As contas satélite permiten afondar no coñecemento dun determinado aspecto da economía dun territorio, ampliando a información do Sistema de Contas Económicas. A súa elaboración permite responder a algunhas necesidades de información concretas que outras operacións non ofrecen ao usuario. Este é o caso no eido cultural no que esta conta satélite reorganiza a clasificación de ramas de actividade do Sistema de Contas Económicas pero mantén os conceptos macroeconómicos do marco central.

O sector cultural pode delimitarse desde dous puntos de vista complementarios: en función do tipo de actividade cultural falaremos de sectores culturais que agruparemos en seis; e en función da súa situación dentro da cadea produtiva dos bens e servizos culturais falaremos de cinco fases. Para delimitar o sector séguense as recomendacións do ESSnet-Culture e a metodoloxía do Ministerio de Cultura e Deporte que elabora a conta satélite da cultura de España en colaboración co Instituto Nacional de Estatística (INE).

A definición do sector cultural e os métodos utilizados para a estimación das variables económicas do sector pode consultarse na [metodoloxía](#) desta operación.

As magnitudes da cultura na economía galega

O sector da cultura achegou o 2,5 % do Produto interior bruto xerado en Galicia no ano 2021. A produción das industrias culturais ascendeu a 2.537.383 miles de euros, os consumos intermedios situáronse nos 943.352 miles de euros o que implica que as industrias culturais xeraron un valor engadido próximo aos mil seiscientos millóns de euros en 2021. Isto representa o 2,7 % do valor engadido bruto xerado na economía galega (o PIB é igual á suma do valor engadido bruto total e os impostos netos sobre os produtos que non se calculan por rama de actividade).

A remuneración de asalariados situouse nos 699.008 miles de euros, o que supón o 2,4 % da remuneración total da economía galega. O volume de traballo das industrias culturais ascende a 30.169 postos de traballo equivalentes a tempo completo; dos que, o 83,2 % era emprego asalariado e o 16,8 % restante emprego autónomo. Se o comparamos co emprego total da economía, obsérvase que a cultura ocupa ao 3,0 % dos traballadores e traballadoras de Galicia.

As magnitudes da cultura en Galicia e peso destas na economía galega. Ano 2021

Unidade: Miles de euros, porcentaxe

Magnitude	Miles de euros / Postos de traballo	Porcentaxe sobre total da economía (%)
Conta de produción da cultura		
• Produción	2.537.383	1,9
• Consumos intermedios	943.352	1,3
• Valor Engadido Bruto (VEB)	1.594.031	2,7
• Produto Interior Bruto (PIB)	..	2,5
Conta de explotación da cultura		
• Remuneración de asalariados	699.008	2,4
• Outros impostos sobre a produción netos de subvencións	-27.867	-13,0
• Excedente de Explotación Bruto (EEB)/Renda mixta bruta	922.890	3,1
Postos de traballo equivalentes a tempo completo		
• Totais	30.169	3,0
• Asalariados	25.095	2,9
• Non asalariados	5.074	3,4
Gasto en consumo final das Administracións Públicas en cultura	444.982	3,1
Gasto en consumo final dos fogares en cultura	751.671	2,0

Nota: o PIB é igual ao valor engadido bruto total máis os impostos netos sobre os produtos. Para o sector cultural, como no resto de estadísticas do Sistema de Contas Económicas de Galicia, calcúlase o valor engadido bruto xerado por ditas actividades pero non os impostos netos sobre os produtos xa que estes non son asignables a un único sector. A porcentaxe referida ao PIB nesta táboa é o cociente entre o VEB da cultura e o PIB de Galicia.

Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019 ([Descarga das táboas](#))

Aínda que esta operación estatística se centra no lado da oferta e das rendas, calcúlanse dúas macromagnitudes polo lado da demanda: o gasto en consumo final das administracións públicas e o gasto en consumo final dos fogares.

O gasto en consumo final das administracións públicas é igual á súa produción de non mercado (a provisión de bens e servizos culturais con medios propios) máis o gasto en bens e servizos culturais subministrados aos fogares pero prestados por produtores de mercado. No ano 2021, este gasto situouse en 444.982 miles de euros, que representa o 3,1 % de todo gasto en consumo final das administracións públicas.

O gasto en consumo final dos fogares é o realizado polos estes para satisfacer as súas necesidades individuais ou colectivas. En 2021 ascendeu aos 751.671 miles de euros. Isto supón o 2,0 % do gasto total dos fogares.

Conta de produción e emprego por sectores


Desde o punto de vista das actividades culturais realizadas e os produtos ou servizos producidos distinguimos seis sectores:

- Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas
- Libros e prensa
- Artes visuais
- Artes escénicas
- Audiovisual e multimedia
- Interdisciplinar

O sector con maior peso na cultura galega é o das 'Artes visuais', que achega o 52,5 % do valor engadido bruto (VEB) xerado polas industrias culturais en Galicia. Baixo esta denominación agrúpase todo tipo de artes cuxo elemento diferenciador é o uso na súa forma de expresión de materiais tales como a pintura e a escultura; tamén inclúe a fotografía, a publicidade, a arquitectura e as actividades de deseño especializado. Estas últimas son especialmente relevantes na nosa economía.

Valor engadido bruto (VEB) por sectores culturais. Ano 2021

Unidade: porcentaxe




Fonte: Conta satélite da cultura. Revisión estatística 2019 ([descarga da táboa](#))

Séguese en importancia o sector dos 'Libros e prensa', que achega o 16,2 % do VEB cultural. A continuación sitúanse o 'Audiovisual e multimedia' (radio, televisión, cine, vídeo e música gravada), co 10,3 % do VEB. As actividades relacionadas coa educación cultural e a actividade reguladora da administración pública representan o 8,5 %. Agrupámolas baixo o epígrafe 'Interdisciplinar', ante a imposibilidade de asignalas a un sector en concreto. Finalmente, cun peso similar sitúanse o sector 'Artes escénicas' é o que agrupa o 'Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas'.

En termos de emprego, a distribución por sectores é moi similar á presentada para o VEB. O sector das artes visuais supera os 11.000 postos de traballo, seguido do sector dos libros e da prensa (7.056 postos de traballo). Estes dous sectores concentran máis do 60 % do emprego no sector cultural.

Postos de traballo equivalentes a tempo completo por sectores culturais. Ano 2021

Unidade: número de postos de traballo



Fonte: Conta satélite da cultura. Revisión estatística 2019 ([descarga da táboa](#))

Conta de produción e emprego por fases

Atendendo á situación que ocupan dentro da cadea de produción, as actividades culturais divídense en cinco fases:


- Creación e produción
- Fabricación
- Difusión, distribución e comercialización
- Promoción, regulación e educación
- Actividades auxiliares

A fase de creación e produción supón o 73,7% do VEB cultural. Esta fase comprende as actividades relacionadas coa elaboración de ideas artísticas, desenvolvidas por artistas, autores e intérpretes. Tamén inclúe as actividades de deseño industrial e a arquitectura. En termos de emprego, tamén é a fase que ocupa a maior volume de persoal: 19.546 postos de traballo equivalentes a tempo completo en 2021.

Séguela en importancia, pero a moita distancia, as fases de difusión, distribución e comercialización, co 12,8 % do VEB cultural total, e a de promoción, regulación e educación co 8,5 %.

Valor engadido bruto (VEB) por fases culturais. Ano 2021

Unidade: porcentaxe




Fonte: Conta satélite da cultura. Revisión estatística 2019. ([descarga da táboa](#))

A Difusión, distribución e comercialización é a segunda fase que máis emprego xera, e séguenlle as fases de Fabricación e de Promoción, regulación e educación con algo de máis de 2.000 postos de traballos cadansúa.

Postos de traballo equivalentes a tempo completo por fases culturais. Ano 2021

Unidade: número de postos de traballo



Fonte: Conta satélite da cultura. Revisión estatística 2019. ([descarga da táboa](#))

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Contas de produción, explotación e emprego por sectores culturais. Revisión estatística 2019
- Contas de produción, explotación e emprego por fases culturais. Revisión estatística 2019
- As magnitudes da cultura en Galicia e peso destas na economía galega. Revisión estatística 2019

Fontes de información

IGE. Conta satélite da cultura